



## CONCELLO A GUARDA

(PONTEVEDRA)

### **ACTA DA SESIÓN ORDINARIA CELEBRADA POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL EN DATA 6 DE OUTUBRO DE 2015.-**

---

Na Casa do Concello da Guarda, sendo as oito horas do día seis de outubro de dous mil quince, tivo lugar a sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local, que, convocada e presidida polo Sr. Alcalde D. Antonio Lomba Baz, contou coa asistencia dos seguintes concelleiros membros deste órgano:

- D<sup>a</sup>. M<sup>a</sup>. Montserrat Magallanes Álvarez
- D. Miguel A. Español Otero
- D. Paulino Rodríguez Gonzalez
- D<sup>a</sup>. Teresa Vicente Baz
- D. Manuel Javier Crespo Gonzalez

**Asiste tamén a concelleira D. Elena Rodriguez Baz**  
**Asiste como Secretario Acctal. o funcionario do Concello D. José Carlos Martinez Crespo.**

Sendo a hora sinalada, o Sr. Presidente pasa a dar conta dos asuntos que conforman a orde do día, que de seguido se relacionan:

#### **PUNTO 1.- APROBACIÓN ACTAS SESIÓNS ANTERIORES**

---

O Sr. Presidente preguntalle ós concelleiros se teñen algunha observación que facer ás actas correspondentes ás sesións celebradas os pasados días 27 de agosto e 9 e 24 de setembro de 2015 ó que responden negativamente os concelleiros presentes nas mesmas, polo que as referidas acta foron aprobadas polos presentes en cada sesión.

#### **PUNTO 2.- INFORMES XURIDICOS**

---

Dase conta do escrito do Asesor Xurídico do Concello de data 29 de setembro de 2015, comunicando a providencia ditada o 21 de setembro de 2015 polo Xulado do Contencioso-Administrativo nº 3 de Pontevedra nos autos do recurso contencioso-administrativo nº 364/10 entablado por D. Eulogio P. Abeleira Cabaleiro contra a desestimación presunta das solicitudes con entrada o 9 de xuño e 8 de outubro do 2007 formuladas polo recurrente interesando a suspensión dos efectos de dúas licenzas de obras concedidas o 27 de decembro de 2006 a Unifamiliares de Bouzas, S.L. e o 28 de setembro de 2007 a Promomiño 2006, S.L. e a súa remisión ó orde contencioso-administrativo para a súa anulación, así como de revisión de oficio. Dita providencia foi ditada en execución da sentenza ditada neste procedemento que anulou as licenzas citadas e condenou á demolición das mesmas.

A Xunta de Goberno Local, visto dito informe, acorda:

1.- Fixar as seguintes datas de demolición para as vivendas afectadas:

- marzo de 2016.- vivenda amparada na licenza de obras nº 268/2006 concedida a Unifamiliares de Bouzas, S.L.
- setembro de 2016.- vivenda amparada na licenza de obras nº 269/2006 concedida a Unifamiliares de Bouzas, S.L.



## CONCELLO A GUARDA

(PONTEVEDRA)

- Decembro de 2016.- vivenda amparada na licenza de obras nº 172/2007 concedida a Promomiño 2006, S.L.

Establécese a demolición progresiva e non simultánea das tres vivendas polo feito de que este concello está afrontando a demolición das 21 licenzas, coa imposibilidade económica que iso supón e dado que o Concello ten que sufragar o custe doutros moitos servizos públicos.

2.- Ordenar ós servizos técnicos municipais que procedan ó inventariado dos enseres da vivenda construída por Promomiño 2006, S.L.

3.- Requerir ás dúas empresas afectas para que no prazo de 15 días procedan a retirar os enseres que se atopan nas vivendas debidamente inventariados, baixo apercebimento de que se non son retirados se procederá á entrega dos mesmos á empresa que se contrate para executar a demolición.

Dase conta do escrito do Asesor xurídico do Concello de data 3 de xuño de 2015, comunicando a sentenza ditada o 21.05.2015 pola Sala do Contencioso-Administrativo do TSXG no recurso de apelación nº 4304/2014 entablado por D. Eulogio P. Abeleira Cabaleiro contra a sentenza de 11 de abril de 2014 ditada polo Xulgado do Contencioso –Administrativo nº 3 de Pontevedra nos autos do recurso contencioso-administrativo nº 418/12 entablado polo Sr. Abeleira Cabaleiro contra resolución do 23.10.2012 da Xunta de Goberno Local da Guarda pola que rechaza a denuncia urbanística presentada o 20 de xullo de 2012 por obras realizadas por D. Jesús Alvarez Sobrino en edificio de vivendas sito na rúa San Roqu, denuncia que foi desestimada por exercizo abusivo da acción pública urbanística.

A Xunta de Goberno Local dase por enterada do contido da sentenza que se comunica e da traslado da mesma ós servizos urbanísticos para a súa constancia no expediente.

### **3.- INFORMES SERVIZOS SOCIAIS**

---

Dase conta do informe da Traballadora Social do Concello de data 16 de setembro de 2015 relativo á modificación de horas no Servizo de Axuda no Fogar de D<sup>a</sup>. M<sup>a</sup>.P.F.U. a partir do 16/09/2015 que pasará a 70 horas mensuais.

A Xunta de Goberno Local acorda aprobar esta modificación.

Dase conta do informe da Traballadora Social do Concello de data 15 de setembro de 2015 relativo á alta no Servizo de Axuda no Fogar de D<sup>a</sup>. P.G.M.

A Xunta de Goberno Local acorda acceder a dita alta por libre concurrencia.



## CONCELLO A GUARDA

(PONTEVEDRA)

### 4.- INSTANCIAS

---

Lese o escrito RE 6.281 de data 22 de setembro de 2015, presentado por DNA. PATRICIA VICENTE VILLA, con enderezo na rúa Laxes-Buxán, nº 9 da Guarda, solicitando que non se exclua a ningunha persoa dos eventos realizados no pobo referíndose expresamente á V Mostra da tradicións mariñeiras na que non había rampas para ningunha exposición.

A Xunta de Goberno Local dase por enterada.

Lese o escrito RE 6.280 de data 22 de setembro de 2015, presentado por DNA. PATRICIA VICENTE VILLA, con enderezo na rúa Laxes-Buxán, nº 9 da Guarda, solicitando unha rampa de acceso á Pista polideportiva do Paseo Marítimo da Guarda.

A Xunta de Goberno Local dase por enterada.

Lese o escrito RE 6.279 de data 22 de setembro de 2015, presentado por DNA. PATRICIA VICENTE VILLA, con enderezo na rúa Laxes-Buxán, nº 9 da Guarda, solicitando que non se exclua a ningunha persoa dos eventos realizados no pobo referíndose expresamente á ausencia de baños adaptados na programación de verán do Castelo de Santa Cruz.

A Xunta de Goberno Local acorda comunicarlle que houbo un erro por parte da empresa responsable xa que se lle encargou un baño adaptado.

Lese o escrito RE 6.278 de data 22 de setembro de 2015, presentado por DNA. PATRICIA VICENTE VILLA, con enderezo na rúa Laxes-Buxán, nº 9 da Guarda, solicitando unha rampa de acceso ó parque do Cancelón (zona superior).

A Xunta de Goberno Local acorda comunicarlle que o Concello estudiará a posibilidade de acondicionala á maior brevidade posible.

Dase conta do escrito RE 6.285 de data 22 de setembro de 2015. presentado por D. MIGUEL ANGEL CONDE DURÁN, con enderezo na rúa Cruza, nº 2-3ºL de Ames (A Coruña), solicitando que se leven a cabo as obras necesarias para facer accesible a tódalas persoas a rampa do lateral dereito da praia da Area Grande.

A Xunta de Goberno Local acorda comunicarlle que se están facendo xestións ante Costas de Galicia para facer accesible a praia pola rampa central.

Dase conta do escrito RE 6.284 de data 22 de setembro de 2015. presentado por D. EDUARDO SANTIAGO CONDE PENA, con enderezo na rúa Dr. Villanueva, nº 52B-3ºB de Pontedeume (A Coruña), solicitando que se leven a cabo as obras necesarias



## CONCELLO A GUARDA

(PONTEVEDRA)

para facer accesible a tódalas persoas a rampa do lateral dereito da praia da Area Grande.

A Xunta de Goberno Local acorda comunicarlle que se están facendo xestións ante Costas de Galicia para facer accesible a praia pola rampa central.

Dase conta do escrito RE 6.283 de data 22 de setembro de 2015. presentado por D. ALVARO SANTAEUFEMIA SANCHEZ, con enderezo na rúa Tierno Galván, nº 21-4ºF de A Coruña, solicitando que se leven a cabo as obras necesarias para facer accesible a tódalas persoas a rampa do lateral dereito da praia da Area Grande.

A Xunta de Goberno Local acorda comunicarlle que se están facendo xestións ante Costas de Galicia para facer accesible a praia pola rampa central.

Dase conta do escrito RE 6.282 de data 22 de setembro de 2015. presentado por D. MARTIN UBEIRA ACUÑA, con enderezo na rúa Castelao, nº 2 de Salvaterra de Miño, solicitando que se leven a cabo as obras necesarias para facer accesible a tódalas persoas a rampa do lateral dereito da praia da Area Grande.

A Xunta de Goberno Local acorda comunicarlle que se están facendo xestións ante Costas de Galicia para facer accesible a praia pola rampa central.

Lese o escrito RE 5.968 de data 9 de setembro de 2015, remitido por CONSELLERÍA DE TRABALLO E BENESTAR, xuntando o ditame 22/2015 sobre accesibilidade.

A Xunta de Goberno Local dase por enterada.

Lese o escrito RE 6.308 de data 24 de setembro de 2015, presentado por CLUBE BALONMÁN ATL. GUARDES, comunicando as necesidades e demandas hacia este Concello para a mellora das instalacións e para a colaboración cos gastos propios do clube.

A Xunta de Goberno Local dase por enterada.

Lese o escrito RE 5.001 de data 30 de xullo de 2015, presentado por D. RAFAEL GARCÍA PAIS, con enderezo na rúa Currás, nº 17 de A Guarda, solicitando a anulación do recibo de consumo de auga da súa vivenda relativos ó 1º trimestre de 2015 porque considera que existe unha avería no servizo.

A Xunta de Goberno Local, visto o informe do fontaneiro municipal, acorda anular o recibo do 1º trimestre de 2015 e que se lle emita un novo pola media ponderada o entender que non hai dolo na rúa actuación.

Lese o escrito RE 6.370 de data 29 de setembro de 2015, presentado por DNA. MERCEDES RODRIGUEZ CADILLA, con enderezo na rúa Fernandez Albor, nº 35 da Guarda, solicitando a anulación do recibo de auga do obxecto tributario Praza da



**C O N C E L L O**  
**A G U A R D A**

(PONTEVEDRA)

Guía, nº 3 correspondente ó 2º trimestre de 2015 debido a unha fuga imposible de detectar.

A Xunta de Goberno Local, visto o informe do fontaneiro municipal, acorda anular o recibo de auga do 2º trimestre de 2015 do obxecto tributario Praza da Guía, nº 3 e a emisión dun novo pola media ponderada.

Lese o escrito RE 6.224 de data 21 de setembro de 2015, presentado por DNA. M<sup>a</sup> EUGENIA ALVAREZ PEREZ, en representación de D. ENRIQUE DORADO TREINTA, con enderezo na rúa Rosentes, nº 13 da Guarda, solicitando a anulación do recibo de auga do obxecto tributario Rosentes, nº 13 correspondente ó 2º trimestre de 2015 debido a unha fuga imposible de detectar.

A Xunta de Goberno Local, visto o informe do fontaneiro municipal, acorda anular o recibo de auga do 2º trimestre de 2015 do obxecto tributario Rosentes, nº 13 e a emisión dun novo pola media ponderada.

Lese o escrito RE 6.189 de data 18 de setembro de 2015, presentado por D. LUIS VICENTE VERDE, con enderezo na rúa 1ª transv. Baliños, nº 5-baixo da Guarda, solicitando a anulación dos recibos de auga do obxecto tributario 1ª Transv. Baliños, nº 5-baixo correspondente ó 2º e 3º trimestres de 2015 debido a unha fuga imposible de detectar.

A Xunta de Goberno Local, visto o informe do fontaneiro municipal, acorda anular os recibos de auga do 2º e 3º trimestres de 2015 do obxecto tributario 1ª Transv. Baliños, nº 5-baixo e a emisión duns novos pola media ponderada.

Dase conta do escrito RE 6.386 de data 29 de setembro de 2015, presentado por DNA. ANA SERRANO DÍAZ DEL RIO, con enderezo na rúa Outeiro, nº 26 de A Guarda, solicitando a colocación de badéns na rúa onde está o conservatorio de música da Guarda para garantir a seguridade dos alumnos.

A Xunta de Goberno Local dase por enterada.

Dase conta do escrito RE 6.387 de data 29 de setembro de 2015, presentado por DNA. ANA SERRANO DÍAZ DEL RIO, con enderezo na rúa Outeiro, nº 26 de A Guarda, solicitando a bonificación no prezo da piscina municipal por familia numerosa.

A Xunta de Goberno Local acorda comunicarlle que se dirixa á Piscina Municipal onde terán en conta a súa petición.



**CONCELLO  
A GUARDA**

(PONTEVEDRA)

**FORA DA ORDE DO DÍA**

---

**Convocatoria extraordinaria complementaria ó Plan de cofinanciamento dos servizos sociais comunitarios municipais para a ampliación da subvención do servizo de axuda no fogar 2015.**

Coñecendo e aceptando as bases reguladoras da convocatoria extraordinaria complementaria ó Plan de Cofinanciamento dos Servizos Sociais Comunitarios Municipais para a ampliación da subvención do Servizo de Axuda no Fogar (SAF) 2015 (BOPPO núm. 193 do 6 de outubro de 2015), a Xunta de Goberno Local acorda solicitar a cantidade de 1.000,00 €.

O Concello da Guarda comprométese a realizar as actuacións necesarias para desenvolver o obxectivo do Plan co incremento solicitado para o SAF e a completar coa súa achega económica o módulo obxecto de financiamento.

Tamén acepta a responsabilidade de publicitar a axuda provincial e de facer constar sempre o financiamento da Deputación en todas as comunicacións coas que se dea a coñecer a realización das actividades, sexa por medios escritos, radiofónicos, audiovisuais ou por internet. Ademais, comprométese a situar nun lugar visible do propio centro de servizos sociais comunitarios municipais un cartel informativo que faga constar o financiamento da Deputación e a proporcionarlle ó persoal contratado para o Servizo de Axuda no Fogar (sexa persoal propio ou dunha empresa contratada) as tarxetas identificativas do servizo subvencionado.

*Sendo as dez horas e vinte minutos o sr. presidente levanta a sesión da que eu como secretario dou fe.*